

Concello de Viveiro

EXPEDIENTE: 4362/2022

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 159, de 13 de xullo de 2022, publica a convocatoria do proceso para a selección de persoal laboral temporal mediante a modalidade de contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-Disposición Adicional quinta do Real Decreto-Lei 32/2021 (modelo 406), ao amparo do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería Do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de unha brigada (cinco traballadores) e tres condutores motobomba non incluídos no cadro de persoal do Concello.

Vistas as bases xerais e específicas que teñen por obxecto establecer o procedemento de selección a empregos temporais do Concello de Viveiro para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2022.

Vista a base xeral 9 que sinala “(...) **PROBA DO COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.-**

Con anterioridade á realización da fase de concurso procederase ao desenvolvemento da proba de coñecemento de lingua galega aos/ás aspirantes que deban realizala segundo o establecido nas presentes bases.

A proba de galego consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán. Os aspirantes disporán dun máximo de quince minutos para realizar esta proba. Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e calificarase como apto ou non apto. Quedarán excluídas do proceso selectivo os aspirantes que obteñan a calificación de non apto...”

Vista a Resolución de Alcaldía de data 22 de xullo de 2022 da lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo de tres condutores de motobomba.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 22 de xullo de 2022 da lista provisional e definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo de un xefe de brigada.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 22 de xullo de 2022 da lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo de tres peóns.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 22 de xullo de 2022 da lista provisional e definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo de un peón condutor.

Vista as bases específicas, relativo aos requisitos dos solicitantes, na que sinala:

“(...)3.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Os establecidos con carácter xeral nas bases xerais coa titulación esixida para cada posto.

Os/as aspirantes seleccionados deberán realizar previamente á súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, se decretará ao aspirante decaído do seu dereito á contratación.

Os aspirantes deberán realizar un curso obrigatorio de formación sobre a prevención e defensa contra os

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

incendios forestais, en caso de non superar dito curso o aspirante quedará decaído do seu dereito á contratación...

Tendo en conta os resultados da proba física de esforzo obrigatoria.

Tendo en conta que dada a urxente e inaprazable necesidade da contratación de un xefe de brigada, un peón conductor, tres peóns e tres condutores motobomba para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, ao abeiro do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería Do Medio Rural e o Concello de Viveiro, e atendendo ao inicio da época de verán e os perigos que conleva os incendios forestais.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Citar aos aspirantes que superaron como aptos a proba obrigatoria de esforzo, así como os posteriores trámites de recoñemento médico e formación, e que figuren nas listas de admitidos e excluídos dos distintos postos da brigada de contra incendios nas que se indica **“NON EXENTO (Pode ser obxecto de subsanación)”**, da realización da proba de galego, por motivos de urxente e inaprazable necesidade, a acudir **luns día 08 de agosto de 2022 ás 09:30 h.** na sala de xuntas deste Concello para a realización da proba de galego,

Únicamente deberán realizar nesta data a proba de galego os referidos aspirantes que non subsanaran dentro do prazo establecido (data de fin prazo de subsanación 05 de agosto de 2022, inclusive) mediante **Copia cotexada ou copia auténtica da acreditación de poseer o nivel de galego esixido** nas bases específicas de cada unha das prazas/empregos convocados ou acreditación equivalente.

Polos motivos de urxencia referidos e toda vez que o prazo de alegacións á lista provisional remata o vindeiro 05 de agosto de 2022, co fin de convocar esta proba coa suficiente antelación dítase a presente resolución, facendo fincapé en que os aspirantes finalmente obrigados á realización da proba de galego serán os que figuren na lista definitiva de admitidos e excluídos como ADMITIDOS e NON EXENTOS, e tivesen superado a previa proba de esforzo, recoñecemento médico e formación realizados.

A lista definitiva de admitidos e excluídos será ditada e publicada o vindeiro día 08 de agosto de 2022, antes das 9:30 h.

SEGUNDO.- Citar aos membros do Tribunal dos distintos postos da brigada e condutores de motobomba, para o día 08 de agosto de 2022 ás 08:30 h., ós efectos de levar a cabo a revisión da documentación presentada nas alegacións ás listas provisionais, elaborar propostas de listas definitivas de admitidos e excluídos, realizar a proba de galego, e a continuación a valoración de méritos.

TERCEIRO.- Contra esta resolución os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

Asdo. María Loureiro García

Asdo. María Luz Balsa Rábade

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147





Concello de Viveiro

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)



Cod. Validación: 7627WHXN3ENQGFV9E74YJ7CJJ | Corrección: <https://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147